



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

ACTA 2015-7

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO EXTRAORDINARIO (CONSTITUCIÓN) 13 de Xuño de 2015

Lugar

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

13:00

Hora de Finalización

13:25

Presidente: JOSE LUIS SUAREZ MARTINEZ
Secretario: PAULINO FERNANDEZ SALGADO

MEMBROS ASISTENTES

ALBERTO RODRIGUEZ GARCIA
DELFIN BOO PAYO
DELFIN FIDALGO CARBALLO
FRANCISCO JAVIER LIMIA FEIJOO
MARIA DEL CARMEN SOLA PEREZ
MARIA ROSA GONZALEZ RIVERO
MARINA SALGADO CARNERO
SALVADOR ZARRAQUIÑOS SEGUIN
SERAFIN AUGUSTO DAMEA
YOLANDA DOMINGUEZ GALLEG0

A Presidencia declara aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

CONSTITUCIÓN DO CONCELLO TRAS AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DO 24 DE MAIO DE 2015, COS CONCELLEIROS ELECTOS QUE PROCLAMOU A XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE VERÍN, E ELECCIÓN DO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO

Para cumprir o que dispoñen os artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral e os artigos 36 e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, que se refiren á constitución das corporacións locais e a elección do alcalde, reúnen en sesión pública as concelleiras e concelleiros que se mencionaron anteriormente, todos eles proclamadas/os concelleiras/os electas/os pola Xunta Electoral de Zona de Verín, tras as eleccións municipais do día 24 de maio de 2015, asistidas/os polo secretario da corporación, que indica que se cumpriu o requisito preceptuado no artigo 7 do citado regulamento, como trámite previo legal para este acto.

Todas/os presentaron previamente as súas credenciais de concelleiras/os, así como senllas declaracións, a primeira para o rexistro de intereses sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos e a segunda para o rexistro de intereses de bens patrimoniais, cumprindo así o que dispón o artigo 75 da Lei reguladora das bases do réxime local.

A seguir, fórmase a Mesa de Idade, que integran a concelleira ou concelleiro electa/o de



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

maior idade, de entre os asistentes, Salvador Zarraquiños Seguí, que pasa a presidila, e o de menor idade, tamén entre os asistentes, Alberto Rodríguez García. Como secretario da Mesa de Idade actúa o do concello, Paulino Fernández Salgado.

Logo de se constituír a Mesa de Idade, a dita Mesa comproba as credenciais das/os electas/os, con base na acta de proclamación recibida da Xunta Electoral de Zona e, ao comprobar que se cumpre a esixencia determinada polos artigos 195.4 da mencionada lei orgánica e 37.4 do referido regulamento, a dita Mesa declara constituída a Corporación, previo o cumprimento do requisito legal de prestar xuramento ou promesa cada unha/un das/os concelleiras/os asistentes, segundo dispón o artigo 108 da mesma lei orgánica 5/1985, baixo a fórmula que establece o Real decreto 707/1979, do 5 de abril. Deste xeito, prestan xuramento as/os seguintes concelleiras/os:

- Salvador Zarraquiños Seguí
- Delfín Boo Payo
- Serafín Augusto Dameá
- María Rosa González Rivero
- Delfín Fidalgo Carballo
- Francisco Javier Limia Feijoo

Prestan promesa as/os seguintes concelleiras/os:

- José Luis Suárez Martínez
- Marina Salgado Carnero
- María del Carmen Sola Pérez
- Yolanda Domínguez Gallego
- Alberto Rodríguez García

Neste momento declárase constituída a nova Corporación ao concorrer a totalidade das/os concelleiras/os electas/os, cumpríndose así o quorum de asistencia que esixe o artigo 37 do ROF e RX, pasándose acto seguido á elección do alcalde, para cumprir o que dispón o artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, proclamándose candidatas/os as/os concelleiras/os electas/os que encabezaron as listas que obtiveron representación nas eleccións municipais que tiveron lugar o día 24 de maio de 2015, e sendo os candidatos a alcalde os seguintes:

- José Luis Suárez Martínez, polo Partido Popular (PP).
- María del Carmen Sola Pérez, por Veciños de Monterrei.
- Alberto Rodríguez García, polo Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Acto seguido, de acordo co disposto no artigo 196 da referida lei orgánica, iníciase a votación, de acordo co que establece o artigo 102 do mencionado regulamento, para elixir entre as/os candidatas/os proclamadas/os ao dito cargo, e obtense o seguinte resultado:

- José Luis Suárez Martínez: 7 votos
- María del Carmen Sola Pérez: 3 votos
- Alberto Rodríguez García: 1 votos



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Ao resultar que o candidato José Luis Suárez Martínez (PP) acadou a maioría absoluta dos votos emitidos polas/os concelleiras/os, queda proclamado alcalde electo, tal e como dispón o artigo 196. b) da Lei orgánica 5/1985.

A continuación, o concelleiro que resultou electo como alcalde deste concello, José Luis Suárez Martínez, integrado na candidatura do Partido Popular, promete, na forma anteriormente mencionada e toma posesión do seu cargo neste mesmo acto, pasando a ocupar a Presidencia.

A seguir, de acordo co que dispón o artigo 36.2 do ROF e RX, e para os efectos do sinalado no artigo 86 do Real decreto legislativo 781/86 e no artigo 33.2 do Regulamento de bens, o secretario-interventor dá lectura á acta de arqueo extraordinario, redactada con motivo da constitución da nova Corporación, acompañada de todos os documentos que xustifican as existencias, así como a documentación relativa ao patrimonio municipal.

A Corporación, por 7 votos a favor do Grupo Popular e 4 abstencións de Veciños de Monterrei e do BNG, acorda aprobar a dita documentación, sendo o seu resumo o seguinte:

Existencias na Tesourería a 8 de xuño de 2011:	187.373,83 €
Activo:	9.575.320,56 €
Pasivo:	9.575.320,56 €
Patrimonio neto:	9.490.571,17 €

O secretario dá lectura ao artigo 38 do referido regulamento, do cal quedan informados os asistentes.

Acto seguido, toma a palabra o alcalde para dicir:

"Compañeiras e compañeiros da Corporación Municipal, un saúdo moi especial a dona Casilda Rúa Salgado e Marité Carballal Rúa, viúva e filla, respectivamente, de Manuel Carballal Machado, primeiro alcalde de Monterrei da democracia.

Permítanme que me dirixa tamén aos que hoxe nos acompañan neste Salón de Plenos, a quen moito agradezo a súa presenza: ex alcaldes de Monterrei, Sr. Atanes Romero e Sr. Suárez Conde; ex concelleiros de Monterrei; persoal deste concello; familiares; amigas e amigos todos, acepten que as miñas primeiras palabras sexan de sincero agradecemento para todos aqueles que o 24 de maio me outorgaron tan inmenso caudal de confianza.

De ben nados é ser agradecidos e, polo tanto, moitas grazas a todos eles así como aos concelleiros que, o día de hoxe, me outorgaron o seu voto. Poden ter a completa seguranza – os que me escolleron e tamén os que non- que asumo esta responsabilidade como o maior reto da miña vida. Traballarei sen escatimar esforzos, procurando o consenso, apostando polas ideas e os proxectos máis axeitados, apostando sempre por Monterrei. Os intereses de Monterrei por riba de calquera outros. Grazas ao meu partido político, pola miña designación unánime polos órganos provinciais, grazas tamén ao apoio inequívoco da dirección autonómica e grazas, como non, ao Partido Popular de Monterrei por crer na miña persoa desde o primeiro momento.

Compañeiros do grupo de goberno popular neste concello: Monterrei non pode esperar. Por



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

esa razón aproveito para convocarvos á nosa primeira xuntanza de traballo tan pronto remate este pleno, unha reunión para fixar as liñas mestras da nosa xestión.

Concelleiras e concelleiros dos grupos da oposición: o voso labor tamén é moi importante, porque quero contar con todos. Por isto tamén, con carácter inmediato, quero reunirme cos voceiros dos grupos de Veciños de Monterrei e nacionalista, porque sei do moito que podedes achegar.

Teño moi claro que o noso obxectivo principal non pode ser outro que contribuír a poñer en marcha as condicións necesarias para CREAR EMPREGO. Así se recollía no noso programa electoral. Velaí a miña mensaxe central: o compromiso cos desempregados por riba de todo. Farémolo en sintonía co Estado e coa Xunta, promovendo ideas, atopando condicións para que o sector privado invista, como é a posta en marcha do parque empresarial previsto no Plan xeral de ordenación municipal. O sector vitivinícola terá un especial relevo nesta lexislatura que comeza, elaboraremos un plan específico de apoio ao sector que incluírá axudas para a contratación, así como formación neste campo.

O segundo obxectivo é o de desenvolver políticas dinamizadoras da actividade socioeconómica para recuperar poboación e para fixar, para reter aquí aos nosos mozos. Monterrei tivo máis de 5.000 habitantes e hoxe estamos arredor dos 2.800, polo que a política social ten que ter un peso moi importante no deseño das nosas actuacións. No Século XIV Monterrei era considerada a CHAVE DO REINO DE GALICIA. Certo que moito mudaron as cousas, pero a historia, esa historia na que fomos tan grandes, onde se creou a primeira imprenta de Galicia, ten que servirnos tamén para asentar os principios do noso futuro.

E o terceiro e gran obxectivo é loitar pola transparencia e a participación. Continuaremos traballando para conseguir unha Administración municipal máis próxima, rápida e coordinada, que facilite a integración das persoas no seu medio laboral e social, e que favoreza a participación cidadá. Aplicaremos todas as normas de transparencia nas entidades locais, xeneralizando a publicación, a través da nova páxina web do concello, dos datos que máis lles interesan aos veciños, como as subvencións, os procedementos de contratación, o custe efectivo e a calidade dos servizos, actas dos plenos e das xuntas de goberno, fondos investidos e recibidos e retribucións, entre outros. Desde o grupo de goberno popular apostaremos pola transparencia total e pola máxima participación cidadá a través do "Monterrei Participa".

Chegados a esta altura, non quero, nin podo, nin debo, deixar de facer unha referencia moi especial a quen me antecedeu na responsabilidade para a que fun elixido hai só uns minutos. As reviravoltas da vida, esa mestura de memoria e evocación, lévanme a esta mesma casa do concello, hai case que trinta e catro anos, cando José Luis Suárez Conde tomaba posesión como alcalde do Concello de Monterrei. Hoxe é el o que asiste a este acto, para min a maior satisfacción. Trátase dun político irrepitible que, entre outras virtudes, soubo escoller os momentos, os tempos. Tamén a súa marcha, despois de oito eleccións municipais con triunfos sen precedentes. A súa intelixencia, entrega, humildade, cercanía e xenerosidade, constitúen todo un referente, e figuran nas máis brillantes páxinas deste concello. Tempos virán nos que se lle recoñeza como é debido o seu esforzo de verdadeiro titán. Eu asumo, neste acto, xunto cos meus compañeiros, a obriga de manter o seu ideario, que non é outro que o de defender os intereses de Monterrei. Graciñas, alcalde.

Aproveito tamén esta intervención para solicitar a colaboración dos actores fundamentais desta andaina que agora comeza. Pido implicación e profesionalidade, abondo demostrada polos profesionais desta casa. Elas e eles son o combustible do motor deste concello. Solicito formalmente a entrega aos intereses xerais de Monterrei de todos os membros desta corporación municipal. Esa entrega será a mellor forma de colaborar con este alcalde. Que os



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

once exerzamos ese dobre labor, control e impulso da acción do goberno coa máxima intensidade. Pido compresión á miña familia e darlle por anticipado as grazas polo seu permanente apoio, empuxe e forza.

Por último, quero facer fincapé na necesidade de facer política pensando na xente de Monterrei. Nesas persoas que hoxe teñen máis dificultades que nunca. Temos que facer política con altura de miras. Temos terra, temos pobo, temos futuro. Teño dito. Moitas grazas."

E sen máis asuntos que tratar, remata a sesión e redáctase esta acta, que o presidente asina comigo, o secretario, que dou fe.

O presidente,



O secretario,

